

## I. DISPOSICIÓN XERAIS

Consellería da Presidencia e Administración Pública

*Decreto 286/1992, do 8 de outubro, de accesibilidade e eliminación de barreiras.*

O artigo 49 da Constitución española encoméndalles ós poderes públicos a realización dunha política de previsión, tratamento, rehabilitación e integración dos diminuídos físicos, sensoriais e psíquicos, co fin de que poidan desfrutar dos dereitos recoñecidos, no seu título I, a tódolos cidadáns.

O artigo 4.2 do Estatuto de autonomía atribúelles ós poderes públicos de Galicia a promoción das condicións para que a liberdade e a igualdade do individuo e dos grupos en que se integra sexan reais e efectivas, removendo os atrancos que impidan ou dificulten a súa plenitude.

Pola súa banda, o seu artigo 27.23 atribúelle á Comunidade Autónoma competencia exclusiva en materia de asistencia social, e a Lei 3/1987, do 27 de maio, de servizos sociais, establece que estes se rexerán, entre outros, polos principios de prevención, normalización, integración, planificación e coordinación.

Complementariamente, han de terse en conta, tamén, os apartados 3, 7 e 8 do artigo 27 do Estatuto, que lle confiren a competencia exclusiva na ordenación do territorio e do litoral, urbanismo e vivenda, obras públicas que non teñan a calificación legal de interese xeral do Estado, itinerarios que desenvolvan integramente no territorio da Comunidade Autónoma, e o artigo 34.1 que lle atribúe, no marco das normas básicas do Estado, o desenvolvemento lexislativo e a execución do réxime de radiodifusión e televisión, nos termos e casos establecidos na lei que regula o estatuto xurídico da radio e da televisión.

A orixe desta norma sitúase na inquietude da Xunta de Galicia, manifestada a través dos traballos da Comisión Interdepartamental de Prevención e Integración dos Minusválidos que, nunha comisión de traballo constituída por representantes das Consellerías da Presidencia e Administración Pública, Traballo e Servizos Sociais e Ordenación do Territorio e Obras Públicas, xunto con dous representantes das asociacións de minusválidos, acordou a elaboración dun proxecto de decreto de supresión de barreiras arquitectónicas e promoción da accesibilidade.

Trátase, pois, de pór en marcha un plan progresivo de promoción da accesibilidade, que ten como primeiro paso esta norma regulamentaria, en certo modo experimental, que limita a súa obrigatoriedade ás edificacións e instalacións dependentes da Administración autonómica e ós medios de comunicación públicos, así como ós instrumentos de planeamento financiados total ou parcialmente pola Xunta de Galicia e que servirá de base para a futura promulgación dunha lei reguladora da materia.

Na súa virtude, por proposta do conselleiro da Presidencia e Administración Pública, e por iniciativa dos conselleiros de Traballo e Servizos Sociais e de Ordenación do Territorio e Obras Públicas, logo da deliberación do Consello da Xunta de Galicia na súa reunión do día oito de outubro de mil novecentos noventa e dous,

DISPOÑO:

Título I

Obxecto e ámbito de aplicación

Artigo 1.—Obxecto.

1. Este decreto ten por obxecto o establecemento das normas e criterios básicos destinados a facilitarles ás persoas con calquera limitación funcional ou sensorial a utilización dos bens e servizos da colectividade así como evitar e suprimir as barreiras e atrancos que impidan ou dificulten o seu normal desenvolvemento.

2. Para os efectos do disposto nesta norma, enténdese por accesibilidade a condición dos elementos de urbanización, mobiliario urbano, edificación, transporte e medios de comunicación que faciliten a súa utilización por calquera persoa.

3. Terán a consideración de accesibles aqueles elementos, dos sinalados no parágrafo anterior, que cumpran as condicións mínimas esixidas no presente decreto e nos seus anexos.

Artigo 2.—Ámbito de aplicación.

As disposicións deste decreto serán de aplicación:

a) A tódalas obras de nova planta dos edificios e instalacións que impliquen concorrencia de público, titularidade da Administración autonómica, así como as subvencionadas, total ou parcialmente, por esta.

b) Ás zonas dos edificios e instalacións contempladas no parágrafo anterior obxecto de ampliación e reforma así como os seus accesos cando resulten afectados polas obras.

Para os efectos deste artigo terán a consideración de reformas aquelas obras que supoñan unha modificación da organización interior, un cambio de uso ou unha variación das condicións urbanísticas dos edificios e construcións, tales como fachadas e volumes.

c) Ós instrumentos de ordenación urbanística a redacción ou adaptación dos cales sexa formulada pola Administración autonómica ou con subvencións a cargo desta.

d) Ás obras de urbanización promovidas pola Administración autonómica ou con subvencións a cargo desta.

e) Ós edificios de vivendas colectivas de promoción pública galega.

f) Ó transporte e instalacións complementarias titularidade da Administración autonómica, así como ás subvencionadas por esta.

g) Ós medios de comunicación de titularidade autonómica.

## Título II

Da accesibilidade en vías e espazos de uso comunitario

## Capítulo I

Condicións de accesibilidade en vías e espazos urbanos

## Sección 1ª

Disposicións xerais

## Artigo 3.—

Os instrumentos de ordenación, así como as obras de urbanización ás que lles sexa de aplicación este decreto, deberán garanti-la accesibilidade das vías e espazos públicos e privativos de uso comunitario, nos termos expresados no artigo 1.2.

## Artigo 4.—

A accesibilidade en vías e espazos urbanos deberá establecerse mediante o deseño e tratamento:

a) Dos elementos de urbanización, entendidos como calquera compoñente das obras de urbanización referentes a pavimentación, redes de sumidoiros, saneamento, distribución de enerxía eléctrica, abastecemento e distribución da auga e todas aquelas que materialicen as indicacións do ordenamento urbanístico.

b) Do mobiliario urbano, entendido como o conxunto dos obxectos existentes nas vías e nos espazos libres públicos, superpostos ou ben adosados ós elementos de urbanización ou de edificación, de xeito que a súa modificación ou traslado non xere alteracións substanciais: semáforos, sinais, cabinas telefónicas, fontes públicas, servicios hixiénicos, papeleiras, marquesiñas e calquera outra de natureza análoga.

## Sección 2ª

Disposicións sobre o deseño dos elementos de urbanización

## Artigo 5.—Itinerarios peonís.

1. Son itinerarios peonís aqueles espazos públicos destinados ó tránsito de peóns ou mixto de peóns e vehículos.

2. Terán a consideración de accesibles aqueles itinerarios peonís que cumpran os requisitos establecidos nesta sección e nas bases técnicas que a desenvolven.

3. Nas obras de urbanización ás que lles sexa de aplicación este decreto, incluírase obrigatoriamente polo menos un itinerario accesible que desde tódalas entradas comunique as distintas zonas de uso e instalacións.

## Artigo 6.—Pavimentos.

Os pavimentos dos itinerarios peonís accesibles serán continuos, duros, anticorredizos, regulares, compactos e fixados firmemente ó elemento de soporte, variando a textura deles nas condicións e nos supostos establecidos na base 2ª do anexo I na que tamén se fixan as características das reixas, gabias e rexistros situados no plano do pavimento.

## Artigo 7.—Vaos.

1. Son vaos as superficies inclinadas destinadas a facilita-la comunicación entre dous planos horizontais de distinto nivel.

2. Para os efectos deste decreto poden distinguirse dous tipos:

a) Os destinados á entrada e saída de vehículos a través de itinerarios peonís.

b) Os destinados a garanti-la accesibilidade dos itinerarios peonís.

3. Na base 3ª do anexo I establécense os criterios que deben seguirse para o deseño dos distintos tipos de vaos.

## Artigo 8.—Pasos peonís.

1. Considéranse pasos peonís sobre vías de acceso, tanto os regulados por semáforos como os pasos de viandantes. Neles salvaranse os desniveis entre a beirarrúa e a calzada cun vao dos indicados no parágrafo terceiro do artigo anterior.

2. Cando no seu percorrido sexa preciso establecer illas intermedias ás vías rodadas, estas deberán axustarse ás dimensións establecidas na base 4ª do anexo I.

3. Os pasos peonís, subterráneos ou elevados, deseñaranse e construíranse con ramplas axustadas ó establecido no artigo seguinte.

## Artigo 9.—Ramplas.

1. Son ramplas aqueles trazados con pendente continua superior ó 6%, no sentido lonxitudinal do desprazamento, que permiten salvar desniveis existentes dentro dun itinerario peonil accesible.

2. As ramplas deseñaranse de conformidade coas prescricións establecidas na base 5ª do anexo I.

3. Os itinerarios peonís, para seren accesibles, deberán complementar cunha rampla ou cun elemento mecánico alternativo calquera tramo de escaleira existente no seu percorrido.

## Artigo 10.—Escaleiras.

As escaleiras que se insiran nun itinerario peonil accesible, sen prexuízo do cumprimento do parágrafo 3ª do artigo anterior, deberán axustarse ós requisitos sinalados na base 6ª do anexo I.

## Artigo 11.—Aparcamentos.

1. En tódalas zonas e edificios destinados ó estacionamento de vehículos ás que, segundo o artigo 2, lles sexa de aplicación este decreto, reservaranse permanentemente prazas para vehículos que transporten persoas con mobilidade reducida, coas dimensións e requisitos establecidos na base 7ª do anexo I.

2. Os accesos ás ditas prazas deberán cumprilos requisitos establecidos nos artigos anteriores para itinerarios peonís.

## Sección 3ª

## Disposicións sobre o deseño e situación do mobiliario urbano

## Artigo 12.—Sinais verticais.

Os sinais de tráfico, semáforos, postes de iluminación ou calquera outro elemento vertical situado nos itinerarios peonís accesibles, disporanse de xeito que non constitúan un obstáculo para os invidentes e persoas con mobilidade reducida, de acordo cos requisitos establecidos na base 8ª do anexo I.

## Artigo 13.—Elementos urbanos varios.

1. Os elementos urbanos de uso público, tales como cabinas ou fornelas telefónicas, fontes, papeleiras, bancos e outros análogos, deseñaranse e situaranse de xeito que poidan ser utilizados por persoas con mobilidade reducida.

2. Os elementos contemplados no parágrafo anterior e aqueles outros tales como toldos, marquesiñas, quioscos, escaparates e outros análogos, que ocupen ou interfiran nun itinerario peonil accesible, disporanse de xeito que non constitúan un atranco para os invidentes e persoas con mobilidade reducida.

3. Na base 9ª do anexo I establécense os criterios ós que deberá axustarse o deseño destes elementos para garantir a súa accesibilidade.

## Artigo 14.—Protección e sinalización de obras na vía pública.

1. As andamiaxes, gabias ou calquera outro tipo de obras na vía pública deberán sinalizarse e protexerse mediante valados estables e continuos dotados de iluminación de seguridade e disporanse de xeito que os invidentes poidan detectar a tempo a existencia do obstáculo.

En ningún caso se poderán substituí-las barreiras por cordas, cables ou elementos similares.

2. Cando as obras lles afecten ás condicións de accesibilidade dun itinerario peonil, deberán adoptarse as medidas necesarias co fin de que, mentres non se rematen, este poida ser utilizado por persoas con mobilidade reducida.

## Capítulo II

## Condições de accesibilidade na edificación

## Sección 1ª

## Disposicións sobre edificios que impliquen concorrencia de público

## Artigo 15.—Requisitos.

Os edificios que impliquen a concorrencia de público, ós que lles sexa de aplicación o presente decreto, para a consideración de accesibles, deberán cumprir os requisitos enumerados nos artigos seguintes.

## Artigo 16.—Entradas.

1. Estes edificios deberán ter, polo menos, unha entrada accesible ó interior do edificio, nas condicións establecidas na base 10ª do anexo I.

Así mesmo, deberán reservarse permanentemente, tan preto como sexa posible cunha entrada accesible, prazas de aparcamento para vehículos que transporten persoas con mobilidade reducida.

2. Os accesos e dimensións das prazas axustaranse ó establecido no artigo 11.

## Artigo 17.—Comunicación horizontal.

1. Nestes edificios deberá garantirse, desde a entrada accesible, unha comunicación horizontal que permita o desprazamento de persoas con mobilidade reducida ata as distintas zonas de uso da pranta e, se é o caso, ata o nivel da plataforma do ascensor.

2. Na base 11ª do anexo I establécense os requisitos que deberán reuni-los espacios e itinerarios de comunicación horizontal.

## Artigo 18.—Comunicacións verticais.

1. A comunicación vertical entre tódalas prantas dos edificios deberá realizarse ben a través dunha rampla das sinaladas no artigo 9, ben a través dun elemento mecánico coas características especificadas na base 12ª do anexo I.

2. Cando existan escaleiras, estas deberán axustarse necesariamente ós requisitos establecidos no artigo 10.

## Artigo 19.—Servicios hixiénicos.

Os servicios hixiénicos de uso público disporán, como mínimo, de un aseo que poida ser utilizado por persoas con mobilidade reducida, coas características establecidas na base 13ª do anexo I.

## Sección 2ª

## Disposicións sobre edificios de vivenda colectiva

## Artigo 20.—Edificios de vivendas colectivas en xeral.

Os edificios de vivenda colectiva ós que, de acordo co artigo 2, sexa de aplicación este decreto e non estean obrigados pola normativa vixente á reserva de vivendas para minusválidos, deberán cumprir os requisitos establecidos na base 14ª do anexo I.

Artigo 21.—Edificios de vivendas colectivas con vivendas destinadas a minusválidos.

Os edificios de vivenda colectiva ós que, de acordo co artigo 2, sexa de aplicación este decreto e estean obrigados pola normativa vixente á reserva de vivendas para minusválidos, deberán cumprir os requisitos establecidos na base 15ª do anexo I.

### Capítulo III

#### Condições de accesibilidade no transporte e instalacións complementarias

Artigo 22.—Instalacións complementarias do transporte.

As instalacións complementarias do transporte ás que, de acordo co artigo 2, lles sexa de aplicación este decreto, para te-la consideración de accesibles deberán cumprir, ademais das disposicións establecidas na sección 1ª do capítulo II, as previstas na base 16ª do anexo I.

Artigo 23.—Medios de transporte.

1. Os medios de transporte ós que, de conformidade co artigo 2, sexa de aplicación este decreto, deberán observar as prescricións establecidas na base 17ª do anexo I.

2. No seu interior, co fin de evitar que as persoas con mobilidade reducida teñan que atravesalo, poderán entrar e saír polo acceso máis doado e utiliza-los apoios necesarios que permitan a súa mobilidade, como bastóns, muletas, cadeiras de rodas, cans-guía e calquera outro dos que veñan provistas.

Artigo 24.—Fomento.

A Xunta de Galicia poderá subvencionar ós concellos e ás empresas que establezan un servizo especial de transporte a través de vehículos accesibles ós seus veciños e traballadores con mobilidade reducida ou calquera outra limitación.

Artigo 25.—Facilidades de estacionamento.

Co obxecto de que os diminuídos poidan estacionar os seus vehículos sen verse obrigados a efectuar longos desprazamentos, os concellos procurarán:

a) Permitirlles ás persoas con dificultades de mobilidade aparca-los seus vehículos máis tempo do autorizado nos lugares de tempo limitado.

b) Reservar, por medio de sinais complementarios que reproduzan o símbolo internacional de accesibilidade, prazas de aparcamento naqueles lugares nos que, pola súa frecuente utilización por persoas con limitacións, se coide conveniente.

c) Permitirlles ós vehículos ocupados por persoas diminuídas, estacionar en calquera lugar da vía pública durante o tempo imprescindible e sempre que non se entorpeza a circulación de vehículos ou peóns.

d) Prove-las persoas que poidan beneficiarse das facilidades expostas nos apartados anteriores, dunha tarxeta que conteña, polo menos, o símbolo de accesibilidade e o nome do titular.

### Título III

#### Da accesibilidade na comunicación

Artigo 26.—

A Xunta de Galicia promoverá o establecemento dos mecanismos e alternativas técnicas que fagan accesibles os sistemas de comunicación e sinalización a toda a poboación, garantindo así o dereito á información, á comunicación, á cultura, ó ensino e ó lecer.

bles os sistemas de comunicación e sinalización a toda a poboación, garantindo así o dereito á información, á comunicación, á cultura, ó ensino e ó lecer.

Artigo 27.—1. A Xunta de Galicia impulsará a formación de intérpretes da lingua de signos e guías de xordo-cegos, co fin de facilitarles calquera tipo de comunicación directa á persoa xorda, e instará as distintas administracións públicas galegas a dotarse deste persoal especializado.

2. Para facilitala suficiente información gráfica para as persoas con capacidade visual reducida, complementaranse as informacións visuais cun sistema táctil ou sonoro, e axeytaranse, así mesmo, o tamaño, grafismo e cor das sinalizacións.

3. Para facilitala comunicación co medio ás persoas xordas complementaríanse sistemas de aviso e alarma con impactos visuais e disporase dunha clara e completa sinalización e información escrita.

Artigo 28.—

Os medios audiovisuais dependentes da Administración autonómica elaborarán un plan de medidas técnicas que, de xeito gradual, permita, mediante o uso da lingua de signos ou de subtítulos, garanti-lo dereito á información ás persoas xordas.

### Título IV

#### Do control e da simboloxía

### Capítulo I

#### Do control

Artigo 29.—

1. Os órganos da Administración autonómica competentes deberán comproba-lo cumprimento dos requisitos esixidos no presente decreto para o outorgamento das subvencións que regulamentariamente se establezan.

2. Nas correspondentes solicitudes indicarse, de xeito claro e detallado, o seu comportamento, con descrición das medidas adoptadas.

Artigo 30.—

1. Créase a Comisión Interdepartamental de Promoción da Accesibilidade, que estará integrada por representantes de tódalas consellerías da Xunta de Galicia, designados polos seus titulares de entre os altos cargos do seu departamento.

2. A súa presidencia corresponderalle ó presidente da Xunta de Galicia e será vicepresidente o titular da Consellería de Ordenación do Territorio e Obras Públicas.

3. Terá as seguintes funcións:

a) Impulsa-lo cumprimento do disposto neste decreto e disposicións que o desenvolvan por parte das entidades ou persoas obrigadas.

b) Asesorar ás entidades ou persoas obrigadas en cantas cuestións poidan formularse en relación coa adopción de medidas para a supresión de barreiras arquitectónicas.

c) Propoñe-los estudos técnico-económicos precisos para a adopción de cantas medidas sexan necesarias para a promoción da accesibilidade.

d) Aqueloutras que se lle atribúan pola normativa de desenvolvemento da presente norma.

## Capítulo II Da simboloxía

### Artigo 31.—

O símbolo internacional da accesibilidade, reflectido no anexo II, indicador da non existencia de barreiras arquitectónicas, será de obrigada instalación nos edificios de uso público e transportes públicos en que aquelas non existan.

### Disposicións adicionais

#### Primeira.—

No prazo de un ano desde a entrada en vigor deste decreto, e de acordo coas previsións presupostarias, as distintas consellerías da Xunta de Galicia, no ámbito das súas competencias, elaborarán un plan de actuación para a adaptación dos seus edificios, servizos e instalacións de acordo cos criterios establecidos neste decreto.

#### Segunda.—

Excepcionalmente, cando a aplicación deste decreto lle afecte a inmobles que formen parte do patrimonio histórico, artístico, arquitectónico e arqueolóxico de interese para Galicia, os organismos competentes poderán, mediante resolución motivada, autorizar outras distintas, de acordo cos seus propios criterios.

### Disposición transitoria

Este decreto non será de aplicación ós seguintes supostos:

1. Os instrumentos de ordenamento urbanístico que dispoñan de aprobación inicial no momento da súa entrada en vigor.

2. Os edificios en construción na data da súa entrada en vigor.

3. Os proxectos de edificación que teñan solicitada licenzia de construción na data da súa entrada en vigor.

4.—Os proxectos de edificación con cargo ós supostos xerais da Administración autonómica presentados a supervisar antes da entrada en vigor.

### Disposicións derradeiras

#### Primeira.—

Quedan derogadas cantas disposicións de igual ou inferior rango se opoñan ó disposto na presente norma, e en especial o Decreto 71/1987, do 26 de marzo, sobre mobilidade e accesibilidade dos minusválidos nos edificios dependentes da Xunta de Galicia.

#### Segunda.—

Autorízaselles ós conselleiros de Traballo e Servizos Sociais e Ordenación do Territorio e Obras Públicas para que, no ámbito das súas respectivas competencias, dicten cantas medidas sexan necesarias para o desenvolvemento, aplicación e cumprimento deste decreto.

#### Terceira.—

Este decreto entrará en vigor o día 1 de xaneiro de 1993.

Santiago de Compostela, oito de outubro de mil novecientos noventa e dous.

Manuel Fraga Iribarne  
Presidente

Dositeo Rodríguez Rodríguez  
Conselleiro da Presidencia e Administración Pública

## A n e x o I

# BASES TÉCNICAS DO DECRETO DE ACCESIBILIDADE E ELIMINACIÓN DE BARREIRAS

## 1 ■ ITINERARIOS PEONÍS (artigo 5)

O trazado dos itinerarios peonís accesibles deberá cumprilos seguintes requisitos:

### a) Pendentes:

- Lonxitudinal: máxima do 8%, podendo en situacións excepcionais chegar ó 12% sempre que non se supere con esta pendente unha lonxitude de 1,50 m.
- Lateral: será sempre igual ou menor do 2%.

### b) Largura:

- Áreas desenvolvidas a través da redacción de instrumentos de ordenación integral (Plans xerais, Normas subsidiarias de planeamento; Plans especiais, Plans parciais, estudos de detalle, proxectos de urbanización, e outros análogos): largo mínimo libre de obstáculos: 1,80 m.
- Áreas non incluídas no anterior parágrafo: largo mínimo libre de obstáculos: 0,90 m.
- En ámbolos dous casos, se o itinerario linda cunha zona de tráfico rodado, sumarase ó ancho mínimo libre de obstáculos o valor do bordo da beirarrúa.

### c) Bordos:


- Áreas desenvolvidas a través da redacción de instrumentos de ordenación integral:
- Altura máxima 0,15 m., debendo se-los cantos redondeados ou chafranados.
- Áreas non incluídas no parágrafo anterior: deberán cumprirse os mesmos requisitos en todas aquelas zonas nas que as rasantes de vías e edificios actuais non o impidan.

### d) Altura:



A altura libre de paso será, a todo o longo do percorrido, como mínimo 2,10 m.

### e) Especificacións para as sendas peonais en parques e xardíns:

- Deberán ter unha largura mínima de 1,50 m. e entre marcas que impidan o paso do tráfico rodado haberá un espazo libre mínimo de 0,90 m.
- Cada 100 m. deberá establecerse unha área de descanso que conforme un ensanchamento da senda, con asento e espazo para aparcar unha cadeira de rodas.



(\*)  $\geq 0,90$  m. en áreas desenvolvidas a través de instrumentos de ordenación integral




## 2 ■ PAVIMENTOS (artigo 6)

Os pavimentos dos itinerarios peonís accesibles deberán cumprilos seguintes requisitos:

### a) Sinalización:

- Pasos de peóns: deberá advertirse a súa presenza con franxas de textura e cor diferenciada de 1,00 m. de profundidade perpendiculares ó sentido da marcha e do largo do itinerario peonil




- Escaleras e ramplas: no suposto de haber un cambio de nivel no percorrido deberá advertirse a súa presenza con franxas de textura e cor diferenciada de 1,00 m. de profundidade e do largo da escadeira ou rampla
- Bordos: realizaranse con material de textura e cor distintas da calzada e beirarrúa que separan.

b) Continuidade de niveis: todo cambio de pavimento arrasase e non poderá ter un desnivel maior de 2 cm. que deberá ser redondeado ou chafranado cun ángulo de 45º.

c) Reixas, gabias e rexistros: En gabias e buratos de todo tipo deberá haber reixas ou tapas arrasadas co pavimento.

As reixas deseñaranse de xeito tal que o diámetro dos buratos ó lado da cuadrícula ou a separación de barras lonxitudinais non supere, en ningún caso, 2 centímetros. Cando se trate de reixas de barras lonxitudinais colocaranse de forma que aquelas se sitúen perpendiculares ó sentido prioritario do itinerario peonil.



### 3 ■ VAOS (artigo 7)

Os vaos situados en itinerarios peonís accesibles non se poderán interromper no seu largo mínimo libre de obstáculos e non poderán afectar á súa pendente trasversal nin lonxitudinal.

- Vaos destinados a entrada e saída de vehículos:
  - \* A proxección horizontal da rampla nunca será superior a 0,60 m.
  - \* O resalte vertical entre a calzada rodada e o comezo da rampla do vao, nunca será superior a 2 cm.

- Vaos destinados a garanti-la accesibilidade dos itinerarios peonís:

Hai dous tipos de vaos destinados a facilita-la accesibilidade:

- a) Os que se desenvolven en dirección perpendicular ó itinerario peonil. Estes utilízanse cando o vao deixa o largo libre de obstáculos maior de 0,90 m.
- b) Cando o largo da beirarrúa non permite o tipo a), os que se desenvolven no sentido do itinerario peatonal de modo que a beirarrúa en todo o seu largo alcanza o nivel da calzada formando un relanzo no que a súa lonxitude no sentido do itinerario debe ser maior ou igual a 1,50 m.

- Largo:

Áreas desenvolvidas mediante instrumento de planeamento de ordenamento integral: largo mínimo, 1,80 m.

Áreas non incluídas no apartado anterior:

Vaos tipo a): largo mínimo: 0,90 m.


Vaos tipo b): largo mínimo: 0,90 m. máis o largo do bordo.

- Sinalización:

Os vaos destinados a facilita-la accesibilidade sinalizaranse de acordo co indicado na base 8ª do presente anexo coas seguintes particularidades:

\* Tipo a: franxa perpendicular á dirección do itinerario peonil no eixo do vao, de textura e cor diferenciadas de 1,00 m. de profundidade e do largo do itinerario peonil.


\* Tipo b: Franxa de 1 m. de profundidade, do largo da beirarrúa no bordo superior das dúas ramplas.



## - Pendente:

O desnivel existente entre o itinerario peonil e a banda de vehículos salvarase cunha rampla de pendente máxima do 12%, recomendándose utiliza-lo 8%.

O resalto vertical entre a calzada rodada e o comezo da rampla do vao non será superior a 2 cm.


**4 ■ PASOS DE PEÓNS** (artigo 8)

Os pasos de peóns dos itinerarios peonais accesibles deberán axustarse ás seguintes dimensións:

a) Largura mínima: 1,80 m.

b) Illas: estarán rebaixadas ó mesmo nivel da calzada cun desnivel máximo de 2 cm. A súa largura será, como mínimo, igual á do paso de peóns.

Se a illa serve como parada intermedia terá unha dimensión mínima no sentido do cruzamento de 1,80 m.

**5 ■ RAMPLAS** (artigo 9)

As ramplas, como elementos integrantes dun itinerario peonil accesible, deberán cumprir os seguintes requisitos:

a) O desnivel máximo a salvar por tramo non poderá ser superior a 1,20 m.

b) Largura: durante todo o seu percorrido deberán ter un largo mínimo libre de obstáculos de 1,50 m.

c) Pendentes máximas permitidas:

Cando o desnivel vertical sexa menor de 0,30 m.: 10%

Cando o desnivel vertical sexa menor de 0,90 m.: 8%

Cando o desnivel vertical sexa menor de 1,20 m.: 6%

d) A lonxitude mínima dos descansos non poderá ser inferior a 1,50 m.

e) Elementos de seguridade:


- Deberán protexerse os laterais libres das ramplas cun bordo dunha altura mínima de 5 cm.

- Deberán instalarse pasamáns a ámbolos dous lados da rampla, que se prolongarán nos descansos e tanto ó comezo como o remate da mesma, 45 cm.

Os pasamáns terán unha barra a unha altura mínima de 0,90 m. e outra a unha altura de 0,65 m. para a utilización de persoas en cadeira de rodas. O seu diámetro poderá oscilar entre os 4 e 6 cm., libre de resaltes e separado como mínimo 4 cm. de calquera parámetro vertical.

f) Nos accesos ás ramplas deberá haber un espazo libre de obstáculos de dimensións mínimas de 1,80 x 1,80 m., así como sinalarse unha franxa de 1 m. de profundidade e do largo desta cunha textura e cor diferenciada.

g) Cando o espazo libre de paso baixo a rampla sexa inferior a 2,10 m., deberá cerrarse. Cando conveña deixa-lo espazo aberto, sinalarase convenientemente para que sexa detectada por invidentes.





## 6 ■ ESCALEIRAS (artigo 10)

As escaleiras como elementos integrantes dun itinerario peonil accesible deberán cumprilo seguintes requisitos:

a) Banzos:

- Utilizarse a fórmula: 2 tabicas + 1 pegada = 63 cm.
- A altura da tabica non será superior a 17,5 cm.
- A pegada non deberá resaltar de finindo un perfil continuo, co bordo do chanzo redondeado ou achaflanado, e inclinando a tabica como máximo 15º en relación coa vertical, así como resalta-lo bordo do chanzo cun cambio de cor para facilita-la visión.

b) O largo mínimo das escaleiras será de 1,20 m.

c) O desnivel máximo a salvar sen descanso será de 2,00 m.



d) Os descansos terán unha lonxitude de 1,20 m.

e) Sinalización: O inicio e remate de cada tramo de escaleira sinalizárase cun pavimento de textura diferente á do resto, de 1,00 m. de profundidade e que ocupe o largo da escaleira.

f) Cando a luz libre de paso baixo a escaleira sexa menor de 2,10 m. deberá cerrarse. Cando conveña deixa-lo espazo aberto, sinalárase convenientemente para que sexa detectada por invidentes.

g) Pasamáns:

- As escaleiras terán pasamáns a ámbolos dous lados e estarán deseñados de tal xeito que non se produza interrupción nos descansos.
- Terán unha barra a unha altura mínima de 0,90 m. medida en vertical desde o bordo exterior do banzo e deberán prolongar 45 cm. ó comezo e final da escaleira. Cando o uso o aconselle porase unha segunda barra a 0,80 m. de altura.
- O pasamáns estará separado polo menos 4 cm. de calquera parámetro vertical.




## 7 ■ APARCAMENTOS (artigo 11)

Os aparcamentos deberán axustarse ós seguintes requisitos:

a) Dimensións de prazas: as reservadas para minusválidos, tanto as organizadas en batería como en paralelo, terán unha lonxitude mínima de 4,50 m. e un largo mínimo de 2,00 m. para o vehículo, máis unha franxa lateral de 1,50 m. que permita o xiro e a transferencia dunha cadeira de rodas.

b) Accesos: nas beirarrúas disporanse vaos de acceso ás prazas de aparcamento para minusválidos de 0,90 m. de largo mínimo e unha pendente máxima do 12%.

c) Sinalización: a situación das prazas recollidas na presente Base deberá sinalizarse co símbolo internacional de accesibilidade.



## 8 ■ SINAIS VERTICAIS (artigo 12)

Os sinais verticais deberán someterse ós seguintes requisitos:

### a) Altura:


- Tódolos sinais verticais terán o bordo inferior dos seus elementos voados colocado a unha altura mínima de **2,10 m.**

- Todos aqueles mecanismos que se instalen nos sinais verticais, co fin de facilita-lo seu uso por persoas con mobilidade reducida, deberán instalarse nunha altura comprendida entre **0,90 e 1,20 m.**

b) Situación: colocaranse no bordo exterior da beirarrúa se o paso mínimo libre de obstáculos é maior de **1,80 m.** e xunto ás fachadas no caso de que sexa inferior a **1,80 m.** ou cando non haxa beirarrúa do modo que garanten as esixencias mínimas fixadas no base 1ª.

c) Sinalización: deberá indicarse a súa presenza cunha franxa de **10 cm.** de altura, de cor contrastante que permita a súa percepción ás persoas con visibilidade reducida e situada a unha altura sobre o solo de **1,50 m.**

d) Duración mínima do cambio semafórico: Deberá permiti-lo cruzamento da calzada a unha velocidade de **0,70 m/s.:**  
7 m. → 10 seg.; 10,5 m. → 15 seg.; 14 m. → 20 seg.




## 9 ■ ELEMENTOS URBANOS VARIOS (artigo 13)

Os elementos urbanos dun itinerario peonil accesible deberán cumprilos seguintes requisitos:

a) Cabinas e hornacinas: as cabinas telefónicas, de información, caixeiros automáticos e outras análogas deberán deseñarse de xeito tal que os elementos a utilizar estean a unha altura entre **0,90 m. e 1,20 m.**

Así mesmo, cumprirán as condicións mínimas de accesibilidade establecidas nas presentes Bases técnicas e coidarán que o piso estea a nivel do solo colindante cunha tolerancia máxima de **2 cm.**

b) Fontes públicas: nestas os elementos para a subministración da auga potable constrúense sobre peañas que non impidan o acercamento dunha cadeira de rodas e a saída da auga non poderá establecerse a unha altura superior a **0,80 m.**




## 10 ■ ENTRADAS (artigo 16)

Terán a consideración de accesibles as entradas que cumpran os seguintes requisitos:

a) O acceso desde a vía pública realizase a través dun itinerario peonil accesible.

b) O oco libre de paso mínimo para todo tipo de portas será de **0,80 m.** agás cando se trate de portas normalizadas (UNE) que será a que deixen as follas de **0,825 m.**

c) Deberá colocarse un sistema alternativo de portas cando na entrada existan portas xiratorias. Permitíranse tanto as portas electrónicas como as de apertura mecánica.




d) Tódalas portas levarán un zócolo de protección de 30 cm.  
e, cando sexan de vidro, deberán sinalizarse con elementos de cor.

### 11 ■ COMUNICACIÓN HORIZONTAL (artigo 17)

Os espazos e itinerarios de comunicación horizontal para te-la consideración de accesibles deberán reuni-los seguintes requisitos:


- a) Os vestíbulos, unha vez amoblados e libres do varrido das portas permitirán inscribir un círculo de 1,50 m. de diámetro.
- b) Os corredores que coincidan con vías de evacuación terán un largo mínimo de 1,80 m. con estreitamentos puntuais mínimos de 1,20 m. Nos restantes a largura mínima será de 1,20 m., con estreitamentos puntuais mínimos de 0,90 m.



### 12 ■ COMUNICACIÓNS VERTICAIS (artigo 18)

Os ascensores deberán cumpri-los seguintes requisitos:


- a) Fronte á porta do ascensor existirá un espazo libre de obstáculos con dimensións mínimas de 1,50 m. x 1,50 m.
- b) A nivelación entre o relanço e o pavimento da cabina terá unha tolerancia de 1 cm. A separación máxima entre ámbolos dous non será superior a 2 cm.
- c) As dimensións mínimas en planta da cabina serán 1,10 m. de ancho e 1,40 m. de fondo. A altura libre de obstáculos será de 2,10 m. e haberá un pasamáns a unha altura de 0,90 m.
- d) A botoeira estará a unha altura entre 0,90 m. e 1,20 m., e recoméndase que estea en posición horizontal e teña os números en relevo para os invidentes.
- e) A porta deixará un paso mínimo libre de 0,80 m.
- f) As portas de cancela e cabina serán automáticas ou telescópicas.
- g) As cabinas e as portas do ascensor terán un zócolo de protección de 0,40 m.



### 13 ■ SERVICIOS HIXIÉNICOS (artigo 19)

Os servizos hixiénicos de uso público deberán reuni-los seguintes requisitos:

- a) Portas:
  - Tódalas destinadas a áreas públicas, tanto de entrada como interiores, que independicen zonas de uso, deixarán un paso libre de 0,80 m., agás cando se trate de portas normalizadas (UNE) que será o que deixen as follas de 0,825 m.
  - As destinadas a inodoros de minusválidos abrirán cara a fóra e terán un zócolo protector de 30 cm. a todo o largo da porta.
  - Na súa cara exterior levarán un tirador horizontal do largo da porta a unha altura entre 0,90 m. e 1,20 m.



## b) Dimensións:

- Os espazos de distribución en áreas públicas terán un espazo libre que permita inscribir un círculo de 1,50 m. de diámetro.

- O espazo para inodoro terá unhas dimensións mínimas de 1,65 m. de largo por 1,80 m. de fondo, situándose o inodoro de forma que dentro de este espazo poida realizarse a transferencia desde a cadeira de rodas.

## c) Accesorios:

- As perchas, toalleiros, secadores e calquera outro elemento no interior do recinto estarán situados a unha altura entre 0,90 e 1,20 m. e a súa situación deberá permiti-lo seu uso en función dos movementos que a distribución do aseo esixa á cadeira de rodas.

- As billas deberán ser de doado accionamento tipo monomando ou similar.


d) Pavimentos: Deberán ser completamente antideslizantes e cando haxa desaugadoiros con rexillas, estas non poderán ter buratos de separación ou diámetro maior de 1 cm.

## e) Alturas:

- O nivel do inodoro estará entre 45 e 50 cm. e deberán instalarse barras metálicas horizontais a ámbolos dous lados deste, firmemente suxeitas, a unha altura de 20 ou 25 cm. sobre o nivel do asento. Estas barras deberán ser de sección circular de 4 a 5 cm. e abatible aquela que impida o acercamento lateral ó inodoro.

- Os lavabos non terán pé, para permiti-lo acceso desde a cadeira de rodas e o seu bordo superior non poderá ter unha altura maior de 85 cm.

- Os espellos terán o seu bordo inferior a unha altura de 90 cm, se esta fora superior deberán estar lixeiramente inclinados para permiti-la visión desde a cadeira de rodas.



## 14 ■ EDIFICIOS DE VIVENDAS COLECTIVAS EN XERAL (artigo 20)


Os edificios de vivendas colectivas previstos no art. 20 do decreto deberán cumpri-los seguintes requisitos:

## a) Entradas:

- Calquera desnivel que poida existir entre a vía pública e o portal de entrada e entre este, o arranque da caixa de escaleras e as vivendas da planta baixa, terá polo menos unha entrada alternativa provista dunha rampla de acceso cunha pendente máxima en función da seguinte escala:

Do 12% ata un desnivel de 0,30 m. Do 10% ata un desnivel de 0,90 m. Do 8% ata un desnivel de 1,20 m.

- Cando exista ascensor, tamén deberá ser accesible a meseta de arranque e a entrada a cada vivenda.




## b) Espacios comúns:

- Dentro do propio edificio os espazos comúns terán un largo mínimo de 1,20 m.

- As portas de entrada á vivenda deixarán un largo libre de paso de 0,80 m. (UNE 0,825 m).

- Os ascensores terán unha dimensión mínima de largo de 0,90 m. e de fondo 1,20 m. cunha superficie mínima de 1,20 m. e unha porta que garante un paso libre de 0,80 m. como mínimo.


- Os ascensores descenderán á planta de garaxe se existe.



- O acceso ós ascensores terá unha superficie que permita inscribir un círculo de 1,50 m. de diámetro.

c) Vivendas:

- Os corredores terán un ancho libre de paso de 0,90 m.
- Como mínimo, as portas de entrada a vivenda, da estancia, cocíña, un aseo e un dormitorio terán un ancho mínimo libre de paso de 0,80 m. (portas UNE 0,825 m), recomendándose a xeneralización do emprego de portas desta dimensión mínima.
- Os vestíbulos terán unha dimensión que permita inscribir un círculo de 1,50 m. de diámetro.




**15 ■ EDIFICIOS DE VIVENDAS COLECTIVAS CON VIVENDAS DESTINADAS A MINUSVÁLIDOS (artigo 21)**

Os edificios de vivendas colectivas previstos no art. 21 do decreto deberán cumprir os seguintes requisitos.


a) Entradas:

- Calquera desnivel que poida existir entre a vía pública e o portal de entrada e entre este, o arranque da caixa de escaleiras e as vivendas de planta baixa, terá polo menos unha entrada alternativa provista dunha rampla de acceso cunha pendente máxima en función da seguinte escala:  
Do 10% ata un desnivel de 0,90 m.  
Do 8% ata un desnivel de 1,20 m.
- Cando exista ascensor, tamén deberá ser accesible a meseta de arranque e a entrada a cada vivenda.




b) Espacios comúns:

- Dentro do edificio os espazos comúns de relación terán un largo de 1,20 m.
- As portas de entrada ás vivendas terán unha luz libre de paso de 0,80 m. (UNE 0,825 m.)
- Os ascensores terán un largo mínimo de 1,10 m. e fondo mínimo de 1,40 m. e unha porta que garante un paso libre de 0,80 m. como mínimo.
- Os ascensores descenderán á planta de garaxe cando esta exista.
- O acceso ós ascensores terá unha superficie que permita inscribir un círculo de 1,50 m. de diámetro.



c) Vivendas:

- Os corredores terán un ancho libre de paso de 1,20 m.
- Tódalas portas deixarán un ancho libre de paso de 0,80 m. (Normas UNE 0,825 m).
- Os vestíbulos terán unha dimensión que, libre de mobles e varrido de portas, permita inscribir un círculo de 1,50 m.
- Os aseos e baños terán as características indicadas na base 13. As súas portas abrirán cara a fóra ou serán corredeiras ou plegables.
- Nas cocíñas coidarase a organización e accesibilidade da meseta de cocíña así como a altura e dimensións que derivan dos parámetros dimensionais.
- Na sala, cocíña, un aseo e polo menos un dormitorio, deberá poder inscribirse libre de mobles e varrido de portas un círculo de 1,50 m. de diámetro.



## 16 ■ INSTALACIÓNS COMPLEMENTARIAS DO TRANSPORTE (artigo 22)

As instalacións complementarias do transporte para que sexan accesibles haberán de reuni-los seguintes requisitos:

### a) Plataformas:


- As zonas da beira das plataformas sinalarase cunha franxa de 1,00 m. de ancho, con textura distinta á do pavimento existente.

- Nas estacións de autobuses haberá unha plataforma deseñada especialmente para facilita-lo acceso ó autobús dunha cadeira de rodas ou proverase dunha rampa ou plataforma elevadiza móvil para o dito fin.

b) Nos espazos de percorrido interno en que se deban sortear torniquetes ou outros mecanismos, dispórase dun paso alternativo que permita o paso dunha persoa con mobilidade reducida.

c) Deberá existir un punto de venda de billetes co mostrador a unha altura de 0,80 m.

d) Deberán contar con sistemas de información visuais e sonoros, mediante os que poida informarse ós viaxeiros das chegadas ou saídas, así como de calquera outras incidencias ou noticias.



## 17 ■ MEDIOS DE TRANSPORTE (artigo 23)


Os medios de transporte deberán cumpri-los seguintes requisitos:

a) Reservarase a persoas diminuídas polo menos, dous asentos por coche, preto das portas de entrada e axeitadamente sinalizadas. No dito lugar, dispórase de un timbre de aviso de parada en lugar accesible.


b) O piso de tódolos vehículos de transporte deberá ser antideslizante.

**ANEXO II**  
**MEDIDAS ANTROPOMÉTRICAS**




**A CADEIRA DE RODAS**




**DIMENSIÓN PRINCIPAIS DA CADEIRA DE RODAS**





Asento





Respaldo



Apoiabrazos




Varios




**SÍMBOLO INTERNACIONAL DE ACCESIBILIDADE**

Fondo azul, figura branca.



(medidas en centímetros)


**PASO LIBRE EN PERCORRIDOS HORIZONTAIS E MOVIMENTOS EN LÍNEA RECTA**



**PARÁMETROS ANTROPOMÉTRICOS.**

Áreas de alcance	Mín.	Máx.
A Alcance vertical	157	171
B Alcance vertical oblicuo	146	159
C Alcance frontal oblicuo	129	141
D Altura da cabeza	125	133
E Altura da vista	115	122
F Altura dos ombros	99	104
G Altura do apoiabrazos	<72	
H Altura do cúbado	69	
J Altura do regazo	60	
K Altura do asento	47	50
L Altura da man	44	40
M Alcance inferior da man	26	24
N Altura dos pés	20	
O Alcance frontal (sobre mesado de cocifia)	51	54
P Alcance frontal a partir de apoiabrazos (sobre mesados baixos)	29	35
Q Proxección dos xeonllos fóra da cadeira	17	21
R Proxección frontal máxima da man	47	59
S Proxección dos pes fóra da cadeira	41	46
T Proxección inferior dos pés	17	21


(medidas en centímetros)






**MANOBRABILIDADE:**


Espacio libre necesario para rotar 360º sen desprazamento.



Espacio libre necesario para efectuar xiros con cambio de dirección e desprazamento en función de un radio de xiro determinado.



Espacio libre necesario para rotar 90º e 180º sen desprazamento.



(medidas en centímetros)


**ACCESIBILIDADE:**

Movimentos específicos para franquear unha porta cun oco libre de paso de 0,775 m. (portas UNE con follas de 0,825 m).

Aproximación frontal con abertura da porta no sentido inverso e en sentido normal da marcha.

Aproximación lateral en unha ou varias direccións e con abertura da porta no sentido inverso e en sentido normal da marcha.

Xiro da cadeira a través dunha porta e xiro de 90º en percorrido horizontal.



(medidas en centímetros)